

O TRATAMENTO DAS LINGUAS NO PROXECTO DE LEI XERAL DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

The infographic features a central hand holding a remote control, with a speech bubble containing the text 'Queremos audiovisual en galego'. To the right, a large red 'X' is placed over the word 'Galego'. Below this, the text reads 'Igualdade para a dobraxe e lexendaxe en galego na nova Lei xeral do audiovisual'. A paragraph at the bottom explains the goal: 'Queremos que a nova lei recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.' The background is yellow with faint language names like 'Cymraed', 'Dansk', 'Deutsch', 'Eesti keel', 'English', 'Español', 'Français', 'Gaelige', 'Polski', 'Nederlands', and 'Norsk'. Logos for HBO, Disney+, Netflix, M+, tve, FILMIN, Apple TV+, and prime video are arranged around the central text.

Queremos audiovisual en galego

X Galego

Igualdade para a dobraxe e lexendaxe en galego na nova Lei xeral do audiovisual

Queremos que a nova lei recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Información en amesa.gal

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

www.amesa.gal

Decembro de 2021

Introdución

En maio de 2021, o Parlamento de Galiza aprobou por unanimidade a **Iniciativa Popular Xabarín** impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística e avalada por máis de 33.000 sinaturas. Entre outros aspectos esta iniciativa solicitaba **“que a nova Lei Xeral do Audiovisual reconeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda”**. Tamén reclamaba da Corporación de Radio Televisión Española “que emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego”, nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

Ademais, nas alegacións presentadas diante do goberno español pola Mesa pola Normalización ao Anteproxecto de Lei do Audiovisual sinalábase a necesidade de “garantir a recepción mutua entre Galiza e Portugal”, segundo o contemplado na Carta Europea das Linguas e o aprobado polo Congreso o febreiro pasado como punto da PNL pola igualdade promovida pola Mesa e outras entidades de defensa das linguas do Estado.

O 30 de novembro o Consello de Ministros aprobou o Proxecto de lei xeral de comunicación audiovisual e foi rexistrado no Congreso o 1 de decembro.

Porén, **o proxecto aprobado polo goberno non garante condicións de equidade no tratamento das linguas cooficiais** nen no financiamento anticipado, nen na dobraxe, a lexendaxe e as audiodescricións.

Sen entrarmos a valorar se é abonda a cota fixada de emisións, o proxecto de lei non garante o financiamento anticipado - imprescindible para que as producións e as cotas de emisión se poidan concretar-, a lexendaxe ou a dobraxe que, legalmente ou de facto, manteñen a preeminencia do español.

A modificación da Lei xeral de comunicación audiovisual debe ser aproveitada como oportunidade para eliminar diferenzas de tratamento ás linguas diferentes do español e

asegurar a súa presenza digna e en igualdade en todos os contidos audiovisuais, for en versión orixinal, dobrada ou lexendada, for nas audiodescricións ou nas interfaces Esa é a posición acordada no Parlamento galego, e que está a ser apoiada tamén unanimemente polos concellos galegos.

O Proxecto de Lei Xeral de Comunicación Audiovisual

	Español	GAL/EUS/CAT
Inclúe plataformas internacionais (Netflix,...)	-	NON
Lexendaxe	SI	NON
Audiodescricións	SI	NON
Cota de emisión TV lineal	25,5%	0%
Cota de emisión TVE	21,675%	3,825%
Cota de emisión TV demanda	9%	6%
Financiamento anticipado	SI	NON
Dobraxa	-	NON
Dobraxa TVE	-	NON

Ámbito de aplicación (art 3)

As grandes plataformas audiovisuais baixo demanda fican excluídas de regulación ao teren domicilio fóra da Unión Europea, sen ter en conta que operan dentro do Estado e que ademais teñen un volume de usuarios que supera en moito o de calquera outro operador. En concreto só unha plataforma como a Netflix concentra máis usuarios que o resto de plataformas. Neste sentido é bo lembrar que dos arredor de 4400 títulos que disponibiliza a Netflix no seu catálogo, só 2 están en galego por seren producións galegas, 0 están dobrados e 0 lexendados en galego.

Pluralismo lingüístico

O Artigo 5.1 fai mención á pluralidade lingüística sen que esta se desenvolva alén do que será comentado.

Accesibilidade: lexendaxe e audiodescricións

- **Accesibilidade universal (Art.100)**
 - **Non se inclúen as linguas propias cooficiais nas obrigas de accesibilidade:** audiodescricións, interfaces e páxinas web (art.99).
- **Televisión lineal en aberto. (Art. 100.1)**
 - 80% de programas lexendados e, en todo caso, os de horario de máxima audiencia (**sen mención ás linguas propias cooficiais**).
 - 5h semanais de programas audiodescritos (**sen mención ás linguas propias cooficiais**)
- **Televisión lineal en aberto pública. (Art. 100.2)**
 - 90% de programas lexendados e, en todo caso, os de horario de máxima audiencia (**sen mención ás linguas propias cooficiais**).
 - 15h semanais de programas audiodescritos (**sen mención ás linguas propias cooficiais**)
 - Na referencia ao servizo público de comunicación audiovisual do artigo 100, ao non especificar que se refire ao estatal, pódese entender que entra a regular os das comunidades autónomas con lingua propia, as únicas que garanten a súa actividade nestas linguas.
- **Televisión lineal de acceso condicional. (Art 101)**
 - 30% de programas lexendados e, en todo caso, os maior interese para a audiencia (**sen mención ás linguas propias cooficiais**).
 - 5h semanais de programas audiodescritos, incluíndo os de maior interese para a audiencia (**sen mención ás linguas propias cooficiais**)
- **Televisión a petición. Art 102**
 - 30% de programas lexendados e, en todo caso, os maior interese para a audiencia (**sen mención ás linguas propias cooficiais**).
- **Centro Español de Subtitulado y Audiodescripciones: centro de referencia exclusivo. Art 107**

Cotas de emisión

Resulta chamativa a expresión “algunha das linguas oficiais das Comunidades autónomas” e pretender que se entenda que se refire a galego, éuscaro e catalán cando estas tres linguas son cooficiais xunto ao español nos seus territorios e cando a lingua oficial do Estado e única da maioría de comunidades autónomas é só o español. Esta expresión, se realmente se quixeren garantir contidos audiovisuais en linguas cooficiais diferentes do español, deberá ser modificada.

Se así for ficaría do seguinte xeito:

- **Televisión lineal.** Art 113.

- O 50% do 51% de cota europea, estará reservada a contidos en español ou, opcionalmente a outras linguas oficiais. Para estas non se establece cota.
- Para o servizo público audiovisual só se establece un **3,825%** a partillar entre galego, éuscaro e catalán.

Cota Europea	Cota español	Cota a partillar (GAL/EUS/CAT)
51%	25'5%	3,825%

- Ao non especificar que é estatal, na referencia ao servizo público de comunicación audiovisual neste artigo 113, pódese entender que entra a regular en porcentaxes idénticas os das comunidades autónomas con lingua propia, as únicas que garanten a súa actividade nestas linguas.

- **Televisión a petición.** Art 114.

Do 30% de producións europeas, o 9% resérvase para o español e o 6% para partillar entre as demais linguas cooficiais (galego, éuscaro e catalán).

Cota Europea	Cota linguas estado	Cota a partillar (GAL/EUS/CAT)
30%	9%	6%

Financiamento anticipado

- **Televisión pública. Art 116**

6% de ingresos, dos que o 70% a financiar obra audiovisual de produtores independentes en lingua do Estado, **sen garantir a lingua propia cooficial.**

- **Televisión lineal ou a petición. Art 117.**

- Entre 10 e 50 millóns de ingresos, as plataformas destinarán parte a financiar producións europeas directamente ou a través do Fondo de protección da cinematografía. **Non se especifican linguas.**
- Con máis de 50 millóns de ingresos, destinarán 5% a financiar producións independentes das que o 40% **garántese só para o español.**

Dobraxex. Disposición adicional quinta

- Promoción de obras audiovisuais dobradas ou lexendadas
- Autorízanse programas de axudas ao lexendado ou á dobraxe.
- Incorporación das versións xa dobradas ou lexendadas ás lingua propias cooficiais, se estiveren dispoñíbeis e for tecnicamente posíbel.
- **Non se garante igualdade de incorporación respecto ao español.**

Financiamento Televisións públicas

- **Só se establecen mecanismos de financiamento para TVE** (disposición final terceira), sen ter en conta ás TV autonómicas que teñen como finalidade a promoción e difusión das linguas propias dos seus territorios.

Emisións transfonteirizas Galiza-Portugal

O artigo 42 garante a liberdade de recepción de servizos de comunicación audiovisual establecido dentro da Unión Europea. Isto pode facilitar a recepción mútua entre Galiza e Portugal e contribuir ao sinalado na Carta Europea das linguas rexionais e minorizadas respecto á recepción mútua entre territorios con proximidade lingüística.

Impacto lingüístico

Cota de galego e outras linguas cooficiais diferentes do español

É preciso lembrar como se foi reducindo desde 1985 (data de creación da CRTVG) a porcentaxe global de contidos de televisión en galego. Pasamos do 33% de 1985, ao 20% de 1992 ao 0,05% de 2021 se temos en conta a irrupción das plataformas que ademais aumentan e actualizan continuamente o seu catálogo. A non inclusión de plataformas como Netflix (que concentra grande parte do catálogo e dos ingresos das plataformas baixo demanda) na regulación deste proxecto de lei, fará que calquera cota fixada sexa imperceptíbel no seu conxunto.

Ademais, cómpre ter en conta que as cotas que se establecen son sempre a partillar entre as tres linguas cooficiais nos seus territorios (galego, éuscaro e catalán). Estas cotas de por si limitadas e insuficientes **poden ficar en auga de bacallao se non garantiren condicións equitativas de acceso ao financiamento**, polo momento só garantido para as producións en castelán.

Televisións lineais

Se excluímos a TVG e os 39'/día das 5 canles de TVE, o uso do galego na actualidade está no 0%. Seguindo o establecido neste proxecto de lei a porcentaxe aumentaría a partillar co catalán e o éuscaro a un 3,825% nas televisión lineal pública (TVE) e a un 6% baixo demanda.

No suposto de que TVE emitise este 3,825% en galego en cada unha das súas 5 canles (La1, La2, TDP, Clan e 24h), faría un total de 4h30' moito menos das 48h que emite a TVG. Ademais nen se contempal a posibilidade de dobraxe, audiodescrición ou lexendaxe en linguas cooficiais diferentes do español.

Existe ademais o perigo de pretender **encher eses respectivos 3,8% e 6% exclusivamente con contidos xa producidos**, o que limitaría o acceso á cota fixada a novas producións. Se non se introducir nengunha modificación que garanta o financiamento anticipado para as linguas diferentes do español a través dos artigos 116 e 117 do Proxecto de Lei é a opción máis probábel.

Financiamento anticipado

Tan importante como garantir cotas de emisión é garantir igualdade de acceso ao financiamento. Neste caso, o financiamento que para as producións en español ten un carácter estratéxico e concretizado nunha lei con vocación de permanencia e que establece obrigas para as grandes emisoras de contidos audiovisuais (TV lineais e baixo demanda), para as linguas cooficiais diferentes do español, o financiamento dependerá exclusivamente dos Orzamentos Xerais do Estado, establecendo unha diferenza en consideración e en cantidade, que as sitúa en moita inferioridade.

Neste momento o Proxecto de lei xeral de comunicación audiovisual, ademais de excluír da súa regulación a grandes plataformas internacionais, **non prevé financiamento anticipado para producións en linguas diferentes do castelán mais que como opción sen se garantir na lexislación.**

Dobraxa

A lei de cine de 1941 obrigaba a dobrar a español todas as producións proxectadas no Estado español. Aínda que esta obriga foi posteriormente retirada conseguiu plenamente o seu obxectivo até a actualidade que mantén cifras próximas ao 100% asegurado na mesma produción.

Tendo en conta que o custe medio¹ dunha produción no Estado español é de 3,4 millóns de euros, o custe de dobrar unha lingua como a galega sería tan só do 0,24%. Porén o Proxecto de Lei só contempla a posibilidade de promoción e de programas de axuda a través do investimento público, así como a incorporación das dobraxes e lexendados xa realizados.

A este respecto, o menor investimento en dobraxe en galego en relación a outras linguas fará presenza de contidos xa dobrados nas principais plataformas baixo demanda sexa significativamente inferior polo que compriría un forte impulso e incrementar significativamente as novas dobraxes por parte da CRTVG. Lembramos que en 2005 o investimento en dobraxes en galego era de 7 millóns fronte aos 1,8 actuais.

¹ Fonte: <https://produccionaudiovisual.com/produccion-cine/presupuesto-peliculas-espanolas/amp/>

INVESTIMENTO ANUAL EN DOBRAXE NAS LINGUAS COOFICIAIS 2021	
Galiza - CRTVG ²	1.875.000€
Euskal Herría-EITB ³	6.072.000€ (sen ive)
Catalunya ⁴ (Departamento de Cultura)	6.295.000
TOTAL	14.242.000

Ficaríamos así moi lonxe do 100% que xa ten o castelán en todas as plataformas agás Filmin, e sería moi difícil igualalo tendo en conta o aumento constante dos catálogos que adoitan incorporar a versión dobrada ao español.

A única solución para igualar contidos dobrados e lexendados en galego e outras linguas cooficiais, tal e como reclamou o Parlamento de Galiza en 12 de maio de 2021, é que aqueles xa dobrados e/ou lexendados ao español incorporen a dobraxe á linguas propias cooficiais e , transitoriamente, acompañalo de programas de apoio e incentivos.

	Tarifa dobraxe⁵
Capítulo serie 60'	5834,69€
Longametraxe animación 60'	5424,15€
Longametraxe 90'	8.149,81€

²Fonte: <https://www.contratosdeg Galicia.gal/licitacion?N=803522&OR=72&ID=801&S=C&lang=gl>

³Fonte: https://www.euskadi.eus/gobierno-vasco/contenidos/anuncio_contratacion/expgeeitb680/es_doc/es_arch_expgeeitb680.html

⁴Fonte: https://www.elnacional.cat/ca/cultura/cultura-dobla-pressupost-ajudes-doblatge-catala-6-milions_632852_102.html

⁵ Fonte: Tarifas de CRTVG SA para dobraxe, subtítulos e sonorización de diversos tipos de obras audiovisuais.

lexendaxe, audiodescripcións, webs e interfaces

É fundamental a integración do galego, como doutras linguas oficiais do Estado, na lexendaxe, dobraxe e audiodescripcións, web e aplicación sen fixar cotas para garantir a accesibilidade dos servizos para aquelas persoas con diversidade funcional e que non poden gozar dos contidos audiovisuais mais tamén para o público en xeral que quere acceder aos diferentes contidos na súa lingua. Esta posibilidade é a única que garantiría os dereitos lingüísticos, a plena accesibilidade de toda a poboación e a posibilidade real de uso das linguas cooficiais diferentes do español.

Porén, o anteproxecto de lei non explicita a incorporación de nengunha lingua, polo que, como adoita acontecer dáse por suposto que será unicamente obrigado o uso do español.

Conclusións

- Esta Lei, de se aprobar tal e como está redixida, terá unha **incidencia moi escasa** para avanzar cara a **igualdade no audiovisual das linguas propias** cooficiais e, nomeadamente, da lingua galega.
- En termos xerais podemos falar de **lei de apagado lingüístico no audiovisual** ao non pretender reparar, sequera minimamente, a exclusión do audiovisual feito en galego ou outra linguas cooficiais.
- Esta realidade contrasta coas declaracións feitas polo goberno e outros grupos políticos que só se pode atribuír a **frivolidade e desleixo** a respecto da igualdade para todas as linguas.
- **Non incorpora ás principais plataformas audiovisuais baixo demanda** (Netflix, Disney +, HBO Max,...). É necesario que entren na regulación. Tamén son precisas maiores cotas de emisión, e de xeito moi claro nas TV lineais.
- **As cotas de emisión sen iren acompañadas de financiamento de producións non serán úteis para garantir novas producións e oferta nova** en linguas propias cooficiais. En calquera caso, coa redacción actual referida a “linguas oficiais das Comunidades Autónomas”, non se garante nengunha cota para as linguas cooficiais diferentes do español.

- **A lei consolida a desigualdade histórica no referido á dobraxe, lexendaxe e audiodescricións. Non se garante** para as linguas propias cooficiais todo o que **legalmente ou de facto está plenamente garantido para o español**. Só mantén a achega de recursos públicos para dobrar o que en español garanten de por si as produtoras.
- **Discrimina** no acceso ao financiamento por parte das empresas de servizos audiovisuais ás televisións públicas de ámbito autonómico como a **TVG**.
- A referencia xenérica a “servizos públicos de comunicación audiovisual”, sen engadir “estatal” dá a entender que as canles autonómicas tamén estarán afectadas polas cotas reservadas a producións en español (versión orixinal ou lexendada) nos artigos 100 e 113. Ademais resulta dubidoso que a definición de servizo de ámbito estatal se refira a emisións dirixidas a máis de unha Comunidade autónoma (art 2.9). Sería considerada estatal a TVG ou una canle privada galega e en galego por chegar o seu sinal ás zonas galegofalantes de Asturias e Castela e León?
- Reiteramos o compromiso da Mesa pola Normalización Lingüística co acordo do Parlamento de Galiza de 12 de maio de 2021:
 - Que a nova Lei Xeral do Audiovisual recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.
 - Reclamar da Corporación de Radio Televisión Española que emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

	Español	GAL/EUS/CAT
Inclúe plataformas internacionais (Netflix,...)	-	NON
Lexendaxe	SI	NON
Audiodescricións	SI	NON

Cota de emisión TV lineal	25,5%	0%
Cota de emisión TVE	21,675%	3,825%
Cota de emisión TV demanda	9%	6%
Financiamiento anticipado	SI	NON
Dobraxa	-	NON
Dobraxa TVE	-	NON

Proposta de modificación

Referencia ás linguas propias cooficiais.

- Todo o texto.

Ámbito de aplicación. Artigo 3.

- Incluir plataformas internacionais

Accesibilidade. Artigos 100, 101, 102, 107

- Engadir opcións de lexendaxe, audiodescrición e webs en todas as linguas cooficiais.

Cotas de emisión. Artigos 113 e 114

- Estabelecer cota para os servizos de comunicación lineais e a obriga de dobrar, lexendar, engadir audiodescricións ás linguas propias cooficiais en todos os seus contidos que contan con esta opción en español.
- Estabelecer unha cota ampliada para o servizo público estatal de comunicación e a obriga de dobrar, lexendar, engadir audiodescricións ás linguas propias cooficiais en todos os seus contidos.

Financiamiento anticipado. Artigos 116 e 117.

- Estabelecer unha porcentaxe de financiamento anticipado para producións en linguas propias cooficiais idéntica as cotas de emisión.

Dobraxo. Disposición adicional quinta.

- Engadir que os prestadores do servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal e a petición que incorporaren dobraxe na lingua oficial do Estado deberán incorporar simultaneamente as linguas propias cooficiais. Transitoriamente estableceranse axudas e incentivos para a súa inclusión.